



# I CERTAME DE POESÍA **RESPIRA!**

Co obxectivo de fomentar a poesía no impulso das ideas e facer do galego un idioma de intercambio cultural, o **Festival Alguén de respira!** –organizado polo Concello de Santiago de Compostela co apoio da Secretaria Xeral de Política Lingüística– convoca a a primeira edición do **Premio Respira!** de poesía, que se rexerá polas seguintes bases:

1ª.- Poderanse presentar ao premio **Respira!** aqueles textos de carácter poético escritos nas diferentes linguas do alumnado galego.

2ª.- O tema desta edición do certame será o **Cambio de Clima e os legados culturais da vida.**

3ª.- Cada participante poderá enviar un poema, inédito e orixinal, cunha extensión mínima de 14 versos e un máximo de 55, presentado baixo lema.

4ª.- Os poemas que non estean en galego terán que vir acompañados da súa correspondente tradución galega e os escritos en alfabetos distintos ao latino (chinés, árabe, cirílico, etc) deberán ter ademais a súa transcripción literal en caracteres latinos de xeito que facilite a avaliación do xurado.

5ª.- O prazo para a presentación dos traballos comezará o luns 16 de xaneiro de 2023, e estenderase ata o xoves 16 de febreiro de 2023.

5ª.- Os traballos poderanse remitir por correo electrónico ao endrezo [premiorespira@gmail.com](mailto:premiorespira@gmail.com) ou por correo postal dirixido ao “**I Premio Respira! de poesía**” / Teatro Principal de Santiago / Rúa Nova, 21 / 15705 Santiago de Compostela. Cada correo electrónico deberá constar de dous adxuntos: un co poema a concurso baixo o lema elixido e outro cos datos de cada participante co mesmo lema. A organización garante que o xurado só recibirá o adxunto do texto a concurso. Nos envíos por correo ordinario incluíranse dous sobres: un co poema a concurso e outro cos datos persoais (nome completo, curso que sigue, centro no que cursa, endrezo, teléfono, correo electrónico e copia do DNI).

5ª.- Protección de datos: Os datos persoais serán recolleitos e tratados pola organización do festival coa finalidade de facilitar a xestión e participación nos premios que promove o referido festival. Os datos non poderán ser cedidos a terceiros salvo nos supostos previstos no artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter Persoal. O órgano responsable do tratamento é o Concello de Santiago ante o que a persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo o cal se informa en cumprimento do artigo 5 de referida Lei Orgánica 15/1999.

6ª.- @s participantes dividiránse en catro categorías:

- a) Educación Primaria.
- b) E.S.O.
- c) Bacharelato e Ciclos formativos de 1º grado.

d) Universidade e Ciclos formativos de 2º grado.

7ª.- Cada unha das categorías contará coa súa correspondente dotación:

- a) Educación Primaria: un premio de 200 €
- b) E.S.O.: un premio de 300 €
- c) Bacharelato e Ciclos formativos de 1º grado: un premio de 400 €
- d) Universidade e Ciclos formativos de 2º grado: un premio de 600 €

9ª.- O Xurado estará composto por tres membros escollidos polo festival **respira!**. O fallo do Xurado será inapelable.

10ª.- A publicación do fallo do xurado realizarase antes de que conclúa febreiro de 2023. A organización contactará cos autores gañadores a través do seu correo, do seu número de teléfono ou do centro no que curse estudos.

11ª.- A entrega de premios terá lugar durante a celebración do festival **Alguén que respira!**, nun día aínda por concretar entre o 17 e o 22 de marzo, dentro dun evento onde cada gañador deberá ler no Teatro Principal de Santiago o seu poema. No acto, compartirán escenario con outras e outros poetas de traxectoria consolidada para establecer un diálogo interxeracional, principio que está nas bases do certame.

12ª.- Os traballos premiados quedarán en propiedade do festival **respira!** e serán publicados no seu programa de man.

13<sup>a</sup>.- Os participantes serán responsables das reclamacións que se puidesen producir por prexuízos a terceiros.

14<sup>a</sup>.- Calquera feito non previsto nestas bases ou dúbida sobre a interpretación das mesmas, será resolvido segundo o criterio do Xurado.

15<sup>a</sup>.- A participación na presente convocatoria implica aceptar todas e cada unha das disposicións contidas nas presentes bases.

